Indicadores de multilocalización empresarial

Datos correspondentes ao ano 2.024

Data de publicación: 30/10/2026

ÍNDICE

Principais resultados 1
Introdución 1
Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas 2
Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia 6
Metodoloxía, definicións, fontes e máis información 11

Principais resultados

- As empresas con sede noutras comunidades autónomas teñen un peso destacado na actividade industrial desenvolvida en Galicia, especialmente na cifra de negocios.
- As empresas galegas presentan unha importante proxección exterior no comercio, onde o 41,7 % do investimento se realizou fóra de Galicia en 2024.
- Nos servizos, aumentou a proporción da actividade das empresas galegas realizada fóra da comunidade: a cifra de negocios pasou do 7,1 % ao 10,2 % entre 2016 e 2024, e o emprego, do 5,2 % ao 10,1 %.

1 Introdución

Os indicadores de multilocalización empresarial permiten analizar a distribución territorial da actividade das empresas desde dúas perspectivas complementarias. Por unha banda, cuantifican a actividade económica desenvolvida en Galicia polas empresas que teñen a súa sede social noutras comunidades autónomas e permiten coñecer o peso que esta actividade representa no conxunto da actividade económica realizada en Galicia. Pola outra, cuantifican a actividade que as empresas con sede social en Galicia desenvolven fóra da comunidade e permiten determinar que parte da actividade total destas empresas se realiza noutras comunidades autónomas.

Ambos os conxuntos de indicadores ofrecen información sobre o importe neto da cifra de negocios, o investimento bruto en activos materiais, as persoas ocupadas e os soldos e salarios. A investigación abrangue as actividades industriais (seccións B, C, D e E da CNAE-09), o comercio (sección G) e os servizos de mercado non financeiros (seccións H, I, J, L, M e N).

Os indicadores calcúlanse a partir dos microdatos da Estadística Estructural de Empresas, proporcionados polo INE. Esta enquisa ofrece información económica do conxunto da empresa e, no caso das empresas multilocalizadas, información desagregada territorialmente para determinadas variables. A partir desta información agrégase a correspondente a Galicia e calcúlase a porcentaxe sobre a actividade total no territorio por sector

2 Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas

A actividade das empresas con sede noutras comunidades autónomas que operan en Galicia permite analizar o peso que teñen estas empresas na economía galega. Para iso, considérase a porcentaxe que representan na cifra de negocios, no investimento bruto en activos materiais, no emprego e nos soldos e salarios en relación ao conxunto das empresas de cada sector en Galicia.

A evolución destes indicadores entre 2016 e 2024 permite identificar as diferenzas entre sectores e os principais cambios rexistrados ao longo do período.


As seguintes figuras mostran diferenzas sectoriais segundo o indicador considerado. No importe neto da cifra de negocios, a industria presenta as porcentaxes máis elevadas e un forte incremento a partir de 2022, aínda que descende nos dous últimos anos, ata o 39,1 % en 2024.

No comercio, a porcentaxe aumenta moderadamente, mentres que no resto dos servizos diminúe lixeiramente.

No investimento bruto en activos materiais destaca o aumento da participación do resto dos servizos e, especialmente, do comercio fronte á evolución máis irregular da industria.

Indicadores de cifra de negocio e investimento bruto en activos materiais

Unidade: Porcentaxe




Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial.

Nota: Porcentaxe da actividade en Galicia que é desenvolta por empresas con sede noutras comunidades autónomas.

En canto ao emprego, o resto dos servizos mantén as porcentaxes máis elevadas durante todo o período, mentres que a industria experimenta un incremento significativo en 2022. Por último, nos soldos e salarios, o resto dos servizos continúa a presentar os valores máis altos, aínda que cunha tendencia descendente nos últimos anos. A industria aumenta a súa participación respecto de 2016, mentres que o comercio presenta unha evolución relativamente estable.

Indicadores de ocupación e soldos e salarios

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial.

Nota: Porcentaxe da actividade en Galicia que é desenvolta por empresas con sede noutras comunidades autónomas.

A análise por ramas industriais mostra que, en 2024, a actividade das empresas industriais con sede noutras comunidades autónomas ten unha presenza especialmente relevante nas industrias extractivas, enerxía, auga e residuos, así como na industria química, petroleira e farmacéutica. Nesta última, a porcentaxe alcanza o 81,1 % da cifra de negocios e o 69,5 % do investimento bruto en activos materiais do conxunto da rama en Galicia.

Tamén destacan as porcentaxes do material de transporte, que acada o 70,7 % da cifra de negocios, o 37,0 % do investimento, o 45,5 % do emprego e o 45,7 % dos soldos e salarios. A evolución desta rama está condicionada polo cambio de sede dunha empresa relevante do sector. Pola contra, a metalurxia e fabricación de produtos metálicos rexistra descensos acusados nos catro indicadores entre 2016 e 2024.

Actividade en Galicia de empresas con sede noutras comunidades autónomas. Industria
Unidade: Porcentaxe

	Importe neto da cifra de negocio		Investimento bruto en activos materiais		Persoas ocupadas		Soldos e salarios	
	2016	2024	2016	2024	2016	2024	2016	2024
Total Actividades industriais	**31,4**	**39,1**	**31,8**	**31,4**	**12,2**	**15,6**	**19,7**	**20,1**
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	76,3	72,8	67,4	71,8	47,1	40,6	58,4	48,7
Alimentación, bebidas e tabaco	4,4	9,4	3,3	6,9	2,5	6,0	4,1	8,0
Téxtil, confección, coiro e calzado	×	1,5	×	2,3	×	2,5	×	3,8
Madeira e cortiza, papel e artes gráficas	22,9	15,0	22,2	16,0	8,8	8,7	19,1	17,7
Industria química, petroleira e farmacéutica	75,0	81,1	58,7	69,5	26,4	21,7	43,6	35,9
Caucho e materias plásticas	28,0	×	7,5	×	16,3	×	21,7	×
Produtos minerais non metálicos diversos	10,0	8,4	5,4	7,9	5,8	7,8	8,8	9,3
Outra metalurxia e fabricación de produtos metálicos	58,8	14,3	36,1	18,5	15,2	11,9	21,6	12,0
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	×	0,2	×	0,1	×	1,4	×	2,8
Maquinaria e equipo mecánico	11,1	16,7	13,9	11,6	12,9	8,8	19,6	12,3
Material de transporte	5,7	70,7	6,2	37,0	14,6	45,5	19,0	45,7
Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalación de maquinaria e equipo	12,8	9,8	9,4	2,9	6,6	4,8	11,1	6,5

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial. (descarga da táboa).
Nota: Porcentaxe da actividade en Galicia que é desenvolta por empresas con sede noutras comunidades autónomas.
(×) Segredo estatístico

No comercio, a presenza das empresas con sede noutras comunidades autónomas aumenta entre 2016 e 2024, especialmente no investimento bruto en activos materiais, cuxa porcentaxe pasa do 13,4 % ao 22,5 %. A cifra de negocios tamén aumenta, do 14,9 % ao 17,8 %, mentres que o peso no emprego medra moderadamente e o correspondente aos soldos e salarios descende lixeiramente. Por ramas, destaca a venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, cun forte incremento da participación no investimento, do 2,0 % ao 20,2 %. O comercio polo miúdo presenta as porcentaxes máis elevadas nos catro indicadores en 2024, especialmente nos soldos e salarios e na cifra de negocios.

Actividade en Galicia de empresas con sede noutras comunidades autónomas. Comercio
Unidade: Porcentaxe

	Importe neto da cifra de negocio		Investimento bruto en activos materiais		Persoas ocupadas		Soldos e salarios	
	2016	2024	2016	2024	2016	2024	2016	2024
Total Comercio	**14,9**	**17,8**	**13,4**	**22,5**	**12,1**	**14,7**	**17,3**	**16,6**
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	6,9	12,6	2,0	20,2	3,3	6,4	5,3	8,2
Resto de Comercio por xunto e intermediarios do comercio	10,6	14,7	6,3	12,8	5,4	8,6	9,5	9,5
Resto de Comercio a retallo	24,7	26,6	25,3	33,6	17,3	19,6	27,2	26,4

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial. (descarga da táboa).
Nota: Porcentaxe da actividade en Galicia que é desenvolta por empresas con sede noutras comunidades autónomas.

Nos outros servizos, a evolución é desigual segundo o indicador. Entre 2016 e 2024 aumenta a participación das empresas con sede noutras comunidades autónomas no investimento bruto en activos materiais, do 14,8 % ao 26,2 %, mentres que diminúe na cifra de negocios e nos soldos e salarios. Por ramas, destacan as actividades de información e comunicacións, que en 2024 representan o 45,6 % da cifra de negocios e o 65,0 % do investimento da rama en Galicia, así como as actividades administrativas e servizos auxiliares, cun 43,8 % do investimento, un 40,8 % do emprego e un 48,3 % dos soldos e salarios. Tamén salienta o incremento da participación no investimento do transporte e almacenamento, do 9,7 % ao 28,3 %.

Actividade en Galicia de empresas con sede noutras comunidades autónomas. Outros servizos
Unidade: Porcentaxe

	Importe neto da cifra de negocio		Investimento bruto en activos materiais		Persoas ocupadas		Soldos e salarios	
	2016	2024	2016	2024	2016	2024	2016	2024
Total Outros Servizos	**21,5**	**19,9**	**14,8**	**26,2**	**18,3**	**18,9**	**29,2**	**24,9**
Transporte e almacenamento	13,1	13,7	9,7	28,3	14,5	15,2	22,9	20,3
Hostalaría	5,6	7,8	9,5	8,5	3,8	5,8	6,6	7,4
Información e comunicacións	52,5	45,6	64,8	65,0	30,9	31,9	48,8	38,5
Actividades inmobiliarias	8,6	4,9	0,0	0,1	1,5	1,4	7,3	7,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	11,0	9,5	1,2	11,2	8,6	9,2	15,7	13,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	46,1	40,8	25,1	43,8	43,8	40,8	54,5	48,3
Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	15,1	9,9	0,8	2,3	7,4	5,1	27,9	12,7

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial. (descarga da táboa).
Nota: Porcentaxe da actividade en Galicia que é desenvolta por empresas con sede noutras comunidades autónomas.


3 Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia

Co obxecto de analizar a presenza territorial das empresas con sede en Galicia, estúdase a porcentaxe da súa actividade que se desenvolve en establecementos situados noutras comunidades autónomas.

O comercio presenta, en xeral, as maiores porcentaxes de actividade desenvolvida fóra de Galicia, especialmente no investimento, que alcanza o 41,7 % en 2024. Esta participación tamén aumenta na cifra de negocios e no emprego, aínda que con oscilacións ao longo do período. A industria presenta porcentaxes máis reducidas e relativamente estables, mentres que o resto dos servizos destaca polo incremento da súa participación na cifra de negocios, no emprego e nos soldos e salarios, especialmente nos últimos anos. No investimento deste último sector, pola contra, obsérvase unha evolución máis irregular. En conxunto, os resultados amosan diferenzas sectoriais na distribución territorial da actividade empresarial, así como unha evolución desigual segundo o indicador considerado.

Indicadores de cifra de negocio e investimento bruto en activos materiais

Unidade: Porcentaxe




Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial.

Nota: Porcentaxe da actividade das empresas con sede en Galicia desenvolta noutras comunidades autónomas.

Indicadores de ocupación e de soldos e salarios

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial.

Nota: Porcentaxe da actividade das empresas con sede en Galicia desenvolta noutras comunidades autónomas.

A análise máis desagregada por ramas de actividade permite identificar diferenzas relevantes dentro de cada sector. No sector industrial, a porcentaxe da cifra de negocios correspondente á actividade desenvolvida fóra de Galicia descende do 6,2 % en 2016 ao 4,8 % en 2024. Pola contra, aumenta a participación exterior no investimento bruto en activos materiais, do 4,6 % ao 6,8 %, mentres que o emprego se mantén estable e os soldos e salarios diminúen lixeiramente. Por ramas, destacan os produtos minerais non metálicos diversos, que rexistran aumentos nos catro indicadores, e as industrias manufactureiras diversas, reparación e instalación de maquinaria e equipo, cun forte incremento da participación exterior no investimento. No material de transporte, pola contra, descenden notablemente as porcentaxes dos catro indicadores, en consonancia co efecto do cambio de sede dunha empresa relevante do sector.

Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Industria
Unidade: Porcentaxe

	Importe neto da cifra de negocio		Investimento bruto en activos materiais		Persoas ocupadas		Soldos e salarios	
	2016	2024	2016	2024	2016	2024	2016	2024
Total Actividades industriais	**6,2**	**4,8**	**4,6**	**6,8**	**4,0**	**3,9**	**5,3**	**4,1**
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	1,9	3,0	1,5	8,1	2,0	3,0	2,3	2,9
Alimentación, bebidas e tabaco	3,9	4,0	1,2	2,0	2,0	4,1	2,7	4,2
Téxtil, confección, coiro e calzado	1,6	3,2	11,3	5,2	3,6	11,6	3,0	9,0
Madeira e cortiza, papel e artes gráficas	×	×	×	×	×	×	×	×
Industria química, petroleira e farmacéutica	×	3,2	×	0,8	×	2,5	×	3,1
Caucho e materias plásticas	×	12,4	×	8,0	×	9,3	×	11,8
Produtos minerais non metálicos diversos	21,2	25,9	28,2	41,0	7,8	9,5	13,2	14,0
Outra metalurxia e fabricación de produtos metálicos	3,2	2,3	3,0	2,7	1,7	1,2	2,0	1,5
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	×	×	×	×	×	×	×	×
Maquinaria e equipo mecánico	×	×	×	×	×	×	×	×
Material de transporte	11,4	2,1	7,4	0,1	12,5	1,2	13,5	1,2
Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalación de maquinaria e equipo	0,8	1,6	0,0	14,1	0,6	2,1	0,8	2,7

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial. (descarga da táboa).
Nota: Porcentaxe da actividade das empresas con sede en Galicia desenvolta noutras comunidades autónomas.
(×) Segredo estatístico

No comercio, aumenta entre 2016 e 2024 a participación da actividade desenvolvida fóra de Galicia nos catro indicadores. O incremento é especialmente acusado no investimento bruto en activos materiais, que pasa do 25,7 % ao 41,7 %, e na cifra de negocios, que aumenta do 12,5 % ao 19,3 %. Por ramas, destaca o comercio polo miúdo, no que a participación exterior alcanza o 40,0 % da cifra de negocios, o 60,9 % do investimento, o 29,4 % do emprego e o 42,4 % dos soldos e salarios en 2024. Tamén aumenta a participación exterior no comercio por xunto e intermediarios, así como na venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, aínda que desde niveis máis reducidos.

Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Comercio
Unidade: Porcentaxe

	Importe neto da cifra de negocio		Investimento bruto en activos materiais		Persoas ocupadas		Soldos e salarios	
	2016	2024	2016	2024	2016	2024	2016	2024
Total Comercio	**12,5**	**19,3**	**25,7**	**41,7**	**12,8**	**20,3**	**17,4**	**24,5**
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1,2	4,0	0,4	9,3	0,6	2,2	0,8	2,9
Resto de Comercio por xunto e intermediarios do comercio	7,9	9,4	8,2	18,5	4,6	6,6	7,0	8,2
Resto de Comercio a retallo	23,4	40,0	46,6	60,9	19,1	29,4	29,9	42,4

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial. (descarga da táboa).
Nota: Porcentaxe da actividade das empresas con sede en Galicia desenvolta noutras comunidades autónomas.

Nos outros servizos, aumenta a participación da actividade desenvolvida fóra de Galicia nos catro indicadores. Destaca o investimento bruto en activos materiais, cuxa porcentaxe pasa do 6,8 % en 2016 ao 14,0 % en 2024, así como o emprego e os soldos e salarios, que practicamente duplican a súa participación. Por ramas, sobresaen os incrementos en transporte e almacenamento, especialmente no investimento, e en información e comunicacións, onde a participación exterior no investimento pasa do 1,7 % ao 26,7 %.

As actividades profesionais, científicas e técnicas tamén rexistran aumentos importantes no emprego e nos soldos e salarios, mentres que as actividades inmobiliarias presentan descensos na cifra de negocios e nos dous indicadores laborais.

Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Outros servizos
Unidade: Porcentaxe

	Importe neto da cifra de negocio		Investimento bruto en activos materiais		Persoas ocupadas		Soldos e salarios	
	2016	2024	2016	2024	2016	2024	2016	2024
Total Outros Servizos	**7,1**	**10,2**	**6,8**	**14,0**	**5,2**	**10,1**	**8,9**	**15,3**
Transporte e almacenamento	10,5	13,0	13,7	26,0	13,2	17,5	17,8	23,9
Hostalaría	1,2	3,0	1,4	4,2	0,7	2,2	1,3	3,2
Información e comunicacións	5,4	14,9	1,7	26,7	4,4	12,2	5,1	14,9
Actividades inmobiliarias	8,1	0,7	0,0	0,0	0,5	0,1	1,9	0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6,3	13,3	0,2	5,6	1,8	13,0	4,3	18,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	8,7	6,5	0,3	3,4	8,5	12,0	11,5	12,6
Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	×	×	×	×	×	×	×	×

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial. (descarga da táboa).
Nota: Porcentaxe da actividade das empresas con sede en Galicia desenvolta noutras comunidades autónomas.
(×) Segredo estatístico

4 Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

Metodoloxía

- Metodoloxía

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas. Industria. Total empresas. Galicia
- Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas. Comercio. Total empresas. Galicia
- Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas. Servizos. Total empresas. Galicia
- Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Industria. Total empresas. Galicia
- Actividade noutas comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Comercio. Total empresas. Galicia
- Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Servizos. Total empresas. Galicia